



## **GALEUROPA 2019 CONCELLOS, MANCOMUNIDADES, AGRUPACIÓNS OU FUSIÓNS DE CONCELLOS.**

Tras a publicación da Resolución da DXXPV do 27 de xuño de 2019, no DOG núm. 134 do día 16 de xullo, onde a Agrupación de concellos Val do Ulla: Boqueixón, Touro, Vedra e Vila de Cruces, figura como beneficiarios do Programa de Mobilidade de Galeuropa con 20 mobilidades aprobadas, establece o prazo de solicitude e inscrición ao Programa de Mobilidade Transnacional Xuvenil Galeuropa 2019, cofinanciado pola Consellería de Política Social, pola Iniciativa de Emprego Xuvenil e o Fondo Social Europeo dentro do Programa Operativo de Emprego Xuvenil.

➤ **Requisitos:**

Estar inscritos/as e figurar como beneficiarios/as no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, o día en que se presente a solicitude  
Non ter participado en convocatorias anteriores do programa Galeuropa.

➤ **Lugar e forma de presentación de solicitudes:**

As persoas aspirantes terán que presentar por Rexistro de entrada no Concello de Boqueixón ou por calquera das formas previstas na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, (neste caso, os/as aspirantes deberán comunicalo mediante e-mail [galeuropavaldoulla@gmail.com](mailto:galeuropavaldoulla@gmail.com)):

- Ficha de inscrición acompañada de:
- Copia do DNI
- Certificado de garantía xuvenil
- Currículo Vitae modelo europeo en galego e en inglés
- Xustificante de ser vítima de violencia de xénero ou persoa en risco de exclusión social (de ser o caso)
- Copia do certificado de recoñecemento da discapacidade (de ser o caso)

➤ **Prazo de presentación de solicitudes:**

10 días hábiles a partir do día seguinte ao de publicación nas webs municipais dos tres concellos.

Número de mobilidades por países de destino:

- Irlanda: Cork 4 prazas

- Italia: Sicilia 8 prazas

- Malta: 8 prazas

Duración das mobilidades: 3 meses .

Mail de contacto: [galeuropavaldoulla@gmail.com](mailto:galeuropavaldoulla@gmail.com)

Concello de Boqueixón 981513115 [www.boqueixon.com](http://www.boqueixon.com)

Concello de Touro 981814566 [www.concellodetouro.com](http://www.concellodetouro.com)

Concello de Vedra 669450801 [www.concellodevedra.com](http://www.concellodevedra.com)

Concello de Vila de Cruces 986582017 [www.viladecruces.gal](http://www.viladecruces.gal)

#### 1.- Obxecto da convocatoria:

É obxecto da presente convocatoria a selección de 20 candidatos/as para a realización de prácticas laborais non remuneradas durante tres meses dentro do programa Galeuropa.

#### 2.- Condicións das persoas aspirantes

- Estar inscritos/as no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia (SNGX).

-Ter cumpridos os 18 anos no momento de solicitar a inscrición no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil.

- Ter menos de 30 anos no momento de solicitar a inscrición no ficheiro.

-Non ter traballado no día natural anterior ao momento de recibir a actuación.

-Non ter recibido accións educativas no día natural anterior ao momento de recibir a actuación.

-Non ter recibido accións formativas no día natural anterior ao momento de recibir a actuación.

- Non ter participado no programa Galeuropa en convocatorias anteriores.

#### 4.- Comisión avaliadora

A comisión avaliadora estará composta por:

Presidente:Pascual Villaverde Núñez coordinador do proxecto

Secretaria: Cruz Vilas Giadanes, técnica do Concello de Vedra

Vogais: Cristina Andújar Garrido, técnica do Concello de Touro, Mónica Rodríguez casal, técnica do concello de Vila de Cruces.

### 5.- Admisión de participantes

Rematado o prazo de presentación de instancias, publicarase a listaxe de tódalas solicitudes recibidas, indicando as admitidas e excluídas, indicando os motivos da exclusión no caso de que os houbera. Esta resolución publicarase nos Taboleiros de anuncios dos concellos e nas relativas páxinas web dos mesmos.

As persoas aspirantes excluídas, así como as omitidas na relación de admitidas, suplentes ou excluídas disporán dun prazo de 5 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación, para emendar os defectos que motivaron a súa exclusión ou a súa omisión da relación de persoas admitidas, suplentes e excluídas. As persoas aspirantes que dentro do prazo sinalado non emenden a exclusión ou non alegasen a omisión, xustificando o seu dereito a seren incluídos na relación de persoas admitidas e suplentes, serán definitivamente excluídas do procedemento.

Transcorrido o prazo sinalado no punto anterior, ditarase resolución na que se aprobará a listaxe definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas. Resolución que se publicará nos Taboleiros de anuncios dos concellos e nas páxinas web dos mesmos.

### 6.- Proceso de selección

No caso de que na data de peche do prazo de solicitude, o número de candidatos/as presentados que cumpran os requisitos de acceso sexa superior ao número de prazas, o tribunal procederá ao procedemento de selección segundo as bases e os criterios de valoración.

O proceso selectivo realizarase de conformidade co previsto nas bases reguladoras establecidas na Orde do 26 de abril de 2019 da Consellería de Política Social (DOG nº do 81 de 29 de abril), de acordo co seguinte baremo:

Establécese unha puntuación máxima de 9.6 puntos

Criterios de valoración:

- 1- Caso de violencia de xénero: 2 puntos
- 2- Persoas con discapacidade: 2 puntos
- 3- Caso de exclusión social: 2 puntos
- 4- Antigüidade no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma, -dende a data de inscrición no ficheiro ata a data en que remate o prazo de presentación de solicitudes de cada convocatoria- Máx. 1,20 puntos ( 0,10 por cada mes que leve inscrito/a.
- 5- Idade. Máximo 1,40 puntos: A idade será a que se teña no día en que finalice o prazo de presentación de solicitudes. De 18 a 19 anos=0,40 puntos; de 20 a 21 anos=0,60 puntos; de 22 a 23 anos=0,80 puntos; de 24 a 25 anos=1,00 puntos; de 26 a 27 anos=1,20 puntos; máis de 28 anos=1,40 puntos.

6- Participantes empadroados nos concello de Boqueixón, Touro, Vedra ou Vila de Cruces. Máximo 1 punto.

Desempate:

1º- A puntuación máis alta obtida nos criterios do apartado precedente na mesma orde na que están establecidos.

2º- Igualdade de xénero: Darase preferencia ao xénero que teña menor número de solicitudes.

3º- A orde de entrada da solicitude.

### 7.- Compromisos

As persoas seleccionadas para participar en Galeuropa presentarán no Rexistro do Concello de Boqueixón no prazo de 2 días hábiles, contados a partir da publicación, informe médico, declaración xurada obrigatoria para poder realizar a mobilidade, así mesmo presentarase unha declaración xurada de que foron informados de todos os seus dereitos e deberes durante o transcurso do programa Galeuropa 2019.

A non presentación desta documentación suporía a renuncia a participar no proceso.

### 8.- Incidencias

A aprobación da convocatoria e os actos administrativos que se sucedan poderán ser recorridos polos interesados nos casos e do xeito establecido na Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas.

**"Fondo Social Europeo**

**Iniciativa de Emprego Xuvenil**

**PO FSE Galicia 2014-2020 "Inviste no teu futuro"**

